Palas de Rei, I,1, Moredo, José 65 anos, Julia 48(muller)

I,1,258. 45) Se mo deches non mo deras,
Ela: eu pedir non cho pedín,
déchesllo a quen quixeches
quéresmo cobrar a min.

263. 46) Debaixo de a oliva
Ela: é ghusto parrafear
que tén as follas menudas
non deixa entrar o lunar.

269. 47) A raíz do toxo blanco
El: é mui mala d'arrincar-e
i os amoriños primeiros
son mui malos d'olvidar-e.

272. 48) Costureira non a quero,
Ela: se ma dan tiro con ela,
cantos pillos hai na calle,
de noite dormen con ela.

274. 49) Ben te vin entrar na iglesia,
El: ben te vin arrodillar-e,
cousa que vin os meus ollos
non o podes neghar-e.

277. 50) Costureira non a queres
Ela: tampouco cha non andar,
é fillo de rapacolos
solteiriño has de quedar.

283. O cura está malo....

306. 51) O cura a mala criada
El: terminaron de cocer,
tiñan a leña no monte
i a fariña por moer-e.

308. 52) O cura a mala criada
cando van prá romaría,
o cura vai de sotana
i ela vai sin faldriña.

312. 53) O cura de Moredo
non é cura nin siñor-e
que confesou a criada
dabaixo do cobertor-e.



Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Palas de Rei, I, 1, Moredo, José 65 anos, Julia 48(muller

I,1,316. 54) O cura cando sal'da casa
deixa dito á criada:
"Deitate na miña cama,
cúbrete coa miña manta."

323. 55) O cura de Moredo
non e cura nin siñor-e
que rompeu unha perna
i-a baixar da Capador-e.

328. 56) O cura de Moredo
estáche muy enfadado
que lle non caben na iglesia
i-as do pelo recortado.

330. 57) O cura vendeu a besta
pra lle non da-la cebada,
ahora vai ós entierros
da cabalo da criada.

332. 58) Señor cura de Moredo
a doutrina non lla sei:
Preghúntem'as cantighillas
qu'eu llas repenicarei-e.

335. 59) Arrieiriño Vicente
deixa descansa-las mulas,
tamén os mais arrieiros
deixan descansa-las súas.